- A aprendizaxe cooperativa tamén estará presenta na aula, creando 5 equipos de entre 3-4 alumnos/as, de xeito heteroxenio con distintos niveis curriculares. Tomando como referente o programa AC/CA da Universidade de Vic de Xosé Ramón Lago e Peré Puyolas, será un xeito de mellorar a diversidade, ampliar a motivación e efectividade ou mellorar a convivencia escolar. En torno a 3 ámbitos de actuación, cohesión grupal, dinámicas cooperativas e o traballo no caderno de equipo, como elemento autoavaliativo tras cada actividade.

- A observación e experimentación así como a busca de información estarán presentes na aula, como xeito de adquisición da autonomía do alumnado. Polo que o método científico e as súas fases tamén se empregarán durante as sesións sobre todo nas áreas das ciencias, Naturais e Sociais.

Partirase dos coñecementos previos do alumnado para levar a cabo esta metodoloxía activa, participativa e contextualizada, para que o alumnado poda alcanzar a totalidade dos elementos prescritivos presentes no actual currículo.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos espaciais:
Recursos materiais
Recursos dixitais

#### Recursos persoais:

Estarán formados polos profesionais que impartan docencia ao alumnado deste 5º curso, como son a titora, o especialista de música, o mestre de inglés, a mestra de relixión católica ou a especialista de educación física. Tamén contase co Departamento de Orientación, formado pola xefa do departamento, 2 mestras de pedagogía Terapéutica e 2 mestras de Audición e Linguaxe, sendo de especial relevancia para a aula pola súa diversidade. A maiores pódese contar con recursos externos o centro como pode ser os distintos gabinetes que teñen relación co alumnado ou o Equipo de Orientación Específico. As familias tamén xogan un importante papel podendo ser un recurso máis para o centro, sen esquecernos da ANPA ou da escola de familias do centro, que traerán o centro temáticas como o horto escolar.

#### Recursos espaciais:

O centro conta con distintos espazos para a execución e investigación das tarefas do alumnado. A propia aula, será un espazo máis, pero tamén a biblioteca, a radio escolar, o horto, o patio ou a aula de sexto, onde realizaranse os contextos de aprendizaxe xunto coa aula de 5º. Non pódese esquecer a riqueza natural na que está inmersa o centro, polo que a nosa contorna tamén será un espazo a empregar para as distintas actividades.

#### Recursos materiais:

Son a base para o traballo manipulativo, dado que a vivenciación realizarase co propio corpo. Polo tanto dispónse de todo tipo de material funxible, material científico como probetas ou microscopios, ou distintos materiais para elaborar os produtos finais, como pode ser madeira para realizar distintas máquinas.

#### Recursos dixitais:

Cóntase con radio escolar ou biblioteca con espazo maker, a maiores tamén o centro adaptara un espazo para a convocatoria de Polos Creativos, nos que se prevé un recuncho de impresión 3D, radio escolar e carpintería, do mesmo xeito. Cóntase tamén co programa Edixgal, polo que están a disposición do alumnado distintos micro portátiles. Outros dos materiais dixitais do centro e aula son: robots, tablets, proxector e encerado dixital, placas de programación... Dende estes dispositivos levarase a cabo o traballo en distintas app ou programas, como os editores de texto ou vídeo, ou apps para traballar cálculo mental.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial terá lugar nas primeiras semanas de setembro. Para data avaliación terase en conta:

- Os informes académicos de cursos anteriores.
- Información coa titora do curso pasado e coas familias para recoller a información oportuna coa finalidade de coñecer o alumno en canto a termos como a autonomía, o traballo en busca da información pu as situacións familiares...
- Avaliación de competencias e contidos: a maiores de que en cada unidade realicese unha avaliación iniiial, no inicio de curso realizarase unha proba de competencia matemática, en torno a numeración, cálculo, resolución de problemas, figuras xeométricas e retos.

A finalidade desta avaliación é recadar información para localizar posibles dificultades ou reforzos que vaian a porse en marcha.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	0	2	0	0	0	0	0	2
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	98	100	100	100	100	100	98



Unidade didáctica	UD 11	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	<b>0</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	<b>100</b>

#### **Criterios de cualificación:**

Nos criterios de cualificación deberanse ter en conta os instrumentos de avaliación, que para esta programación serán as táboas de indicadores.

Dentro da PXA do centro está recollido que o alumnado non será avaliado por medio de exames. Polo tanto as táboas de indicadores serán as evidencias de cara á avaliación, en base a rúbricas, listas de cotexo, rexistro de datos, a observación directa... Obterase unha cualificación a partir de distintas producións orais ou escritas en diferentes soportes, probas específicas...

As táboas de indicadores terán unha directa relación co criterio de avaliación, recolléndose un mínimo de cada un, que será o indicador para superar dito criterio. Estes serán nivelados cun tanto por cento para as distintas unidades.

As matemáticas levaranse a cabo por medio de plans de traballo e tarefas que relacionen os contidos con outras áreas e entre si mesmo, estarán secuenciados e temporalizados en trimestres. Polo tanto, cada actividade terán relación cun grupo de criterios de avaliación, estando recollido no apartado de avaliación o peso que a superación de cada un ten para a nota final da tarefa.

Para acadar a nota media do trimestre realizarase a media aritmética entre as notas finais.

Para obter a nota de cada un das tarefas e, en relación cos criterios de avaliación, seguirase a seguinte premisa:

40 % Producións escritas + 40 % de procesos de elaboración + 20% de actitude cara o traballo

Nesta área, aínda que moitos contidos poden estar intrarrelacionados, a nota final do curso elaborárase realizando a media entre as avaliacións.

#### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que obteña unha calificación negativa nunha tarefa ou plan de traballo, permitiráselle entregar un traballo individual escrito que teña relación cos contidos traballados, deste xeito, o alumnado nesta situación poderá alcanzar os mínimos esixibles para a tarefa. Calificándose o traballo en apto ou non apto.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A diversidade é una realidade dentro dun aula, polo tanto este documento intentará dar resposta ao alumnado do grupo que vai dirixida.

Para dar resposta a este grupo tomase como referente a orde do 8 de setembro do 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro. Os artigos 7, 8 e 9 do mencionado decreto fan referencia as medidas de atención a diversidade, sendo estas ordinarias e extraordinarias, estas ultimas se levaran a cabo cando todas as anteriores sexan esgotadas, malia que pode haber algunha excepción significativa.

Poren, a metodoloxía empregada foi escollida minuciosamente, así esta, será unha medida de resposta a diversidade. Certos principios metodolóxicos forman parte da filosofía do centro, como pode ser o traballo nas matemáticas manipulativas, que permite que o pensamento abstracto da área sexa un proceso construído e significativo para o alumnado, permitindo o alumnado expresarse do xeito máis doado para eles/elas, o circulo/faladoiro é traballado en todas as aula, como xeito de expresión libre, exposición de temas, debates... co obxectivo de que o alumnado sexa competente na expresión oral, tamén como situación de convivencia sa, na que o alumnado poda compartir entre eles/elas, traballar a autoestima, normas de aula, traballar distintas emocións...

Por outra parte, os principios metodolóxicos que se escolleron para dar resposta o alumnado pode verse a implicación con este apartado no punto correspondente a metodoloxía.

De volta as medidas ordinarias encontramos:

- A adecuación desta proposta educativa, a organización e xestión da aula as características do grupo. Pudendo realizar tarefas de reforzo ou ampliación o alumnado que o necesite, así como permitir a recuperación daquelas

situacións necesarias.

- Adaptarase tempos e instrumentos de avaliación as necesidades reais.
- Levaranse a cabo reforzos educativos e apoios por parte do mestre de educación musical e o mestre de sexto curso.
- Traballar as habilidades sociais, con disintas dinámicas para a asemblea ou tarxetas emocionais para falar sobre os sentimentos.

Como medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, , así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Saídas para coñecer a contorna próxima e entornos nos que traballaremos a matemática cotiá.	X	X	X
Saídas culturais	Para coñecer monumetnos, museos e distintas representacións artísticas de interese.	X	X	X
Charlas e oratoria	Relacionando contidos matemáticos con estas situacións.	X	X	X
Conmemoracións do calendario escolar ou outras conmemoracións menos coñecidas	Traballadas a nivel de aula e centro, para coñecer o día da paz e non violencia, o día mundial das matemáticas	X	X	X
Horto escolar	Permitiranos realizar medición, temporalizar un cultivo ou realizar cálculos.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos¿) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas.
Conseguíuse a participación activa do alumnado.
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos obxectivos, criterios de avaliación e competencias clave.
A secuenciación dos criterios de avaliación favoreceu a súa correcta adquisición. Usáronse estratexias e procedementos de auto-avaliación e coevaluación en grupo.
Usáronse instrumentos e procedementos de avaliación variados en relación ós aspectos a valorar.
Os recursos escollidos foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas e diversidade da aula.
Usamos diferentes medios de información ás familias.
Fomentamos a implicación e participación activa das familias na vida da escola.

### **Descrición:**

Teranse en conta estes items para a avaliación docente

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A elaboración e seguimento desta programación será levada a cabo mediante a aplicación PROENS.

As reunións coa CCP, departamento de orientación e equipo de nivel guiarán posibles cambios que poidan levarse a cabo en base a propostas necesarias para o avance do alumnado.

A revisión da programación realizarase trimestralmente. En base aos resultados obtidos, así como o anteriormente mencionado, faranse os cambios e as modificacións necesarias. Recordar que este documento es flexible, podendo modificarse en función das necesidades da aula.

Ademais, destaca a memoria final será un documento de revisión, reflexión , a partir da análise dos resultados do alumnado así como o seu avance nas competencias clave a través do documento de valoración da práctica docente.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	5º Pri.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

A programación é unha función que se outorga a acción tutorial, polo que así o recolle o D374/69 sobre os regulamentos de centro. Dita ferramenta esta baseada no actual currículo, que lexislativamente se recolle no D155/2022 do 15 de setembro.

O centro no que se vai realizar a función docente é un CEIP, centro de Educación Infantil e Primaria, de liña 1. O centro escolar esta enriquecido polo seu carácter rural, sendo privilexiado para a área de Ciencias Naturais dado que contamos cun abanico de posibilidades dentro da natureza viva, contando a moi escasos metros dunha praia ou bosques que enriqueceran a aula.

Este documento está orientado a un grupo de alumnado de 20 nenos e nenas, cunha competencia curricular diversa, que actualmente se encontran no quinto nivel de Educación Primaria. Dentro do grupo encóntranse nenos ou nenas con NEAE, que se dará resposta a distintas peculiaridades no apartado 6.

A área de Ciencias Naturais levarase a cabo en grupos internivel, mesturándose o alumnado por ciclos e traballando os contados propios da materia. Aproveitarase o entorno do noso arredor levando a cabo produtos sociais que saian da escola e favorezan a vida social da nosa vila.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	



Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proxecto 1: SERES VIVOS: ANIAMAIS E PLANTAS	<p>Con curiosidade, iniciativa e constancia en torno as ciencias e tecnoloxía, empregando vocabulario e instrumentos científicos, partiremos da investigación e as súas explicacións para traballar:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-A CÉLULA E A ORGANIZACIÓN DOS SERES VIVOS</li> <li>-OS SERES VIVOS: CARACTERÍSTICAS E CLASIFICACIÓN</li> <li>-CLASIFICACIÓN DAS PLANTAS. PLANTAS AUTÓCTONAS</li> <li>-ECOSISTEMAS (FACTOR BIÓTICO E ABIÓTICO)</li> <li>-SER HUMANO E ECOSISTEMAS</li> </ul> <p>Traballando estes contidos o traballo por proxectos é unha realidade, polo tanto, empregaremos a busca da información de xeito guiado para elaborar textos, cos recursos dixitais da escola nunha navegación segura evitando riscos dixitais. Instaurando grupos de traballo cooperativo nesta materia.</p>	40	40	X		
2	Proxecto 2: OS ESTADOS DA MATERIA E ENERXÍA	<p>Con curiosidade, iniciativa e constancia en torno as ciencias e tecnoloxía, empregando vocabulario e instrumentos científicos, partiremos da investigación e as súas</p>	30	35		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Proxecto 2: OS ESTADOS DA MATERIA E ENERXÍA	explicacións para traballar: -MATERIA: MASA E VOLUME -ENERXÍAS RENOVABLES E NON RENOVABLES  Traballando estes contidos o traballo por proxectos é unha realidade, polo tanto, empregaremos a busca da información de xeito guiado para elaborar textos, cos recursos dixitais da escola nunha navegación segura evitando riscos dixitais. Instaurando grupos de traballo cooperativo nesta materia.	30	35		X	
3	Proxecto 3: AS MÁQUINAS E EDUCACIÓN AMBIENTAL	Con curiosidade, iniciativa e constancia en torno as ciencias e tecnoloxía, empregando vocabulario e instrumentos científicos, partiremos da investigación e as súas explicacións para traballar: -CIRCUÍTOS -EMPREGO RESPONSABLE DA ENERXÍA -MÁQUINAS SIMPLES E COMPOSTAS  Traballando estes contidos o traballo por proxectos é unha realidade, polo tanto, empregaremos a busca da información de xeito guiado para elaborar textos, cos recursos dixitais da escola nunha navegación segura evitando riscos dixitais. Instaurando grupos de traballo cooperativo nesta materia.	30	30			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proxecto 1: SERES VIVOS: ANIAMAIS E PLANTAS	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formula preguntas relacionadas sobre o medio natural	TI	100
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información de diferentes fontes seguras		
CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Realiza experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, recollendo datos significativos para o traballo		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e os resultados obtidos, realizando con axuda un esquema das súas conclusións para poder explicar os pasos seguidos		
CA2.1 - Coñecer a estrutura e organización dos seres vivos identificando as súas características e funcións.	Coñecer as funcións dos seres vivos e a súa organización		
CA2.2 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características e propiedades dos elementos do medio natural empregando a investigación		
CA2.3 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural		
CA2.4 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural, a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Valorar e protexer actitudes de conservación e mellora do medio natural mediante distintas accións sustentables		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar recursos dixitais educativos, buscando e comunicando información, de xeito individual ou en equipo, para elaborar un contido dixital		
CA4.2 - Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía, identificando os seus riscos e beneficios na sociedade.	Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía identificando riscos para a sociedade.		
CA4.3 - Formular problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	Formular un problema de deseño que se resolva coa creación dun prototipo.		
CA4.4 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Diseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estratexias de forma guiada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Desenvolver un produto final utilizando ferramentas e dispositivos sinxelos de forma guiada.		
CA4.6 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Ser capaz de expor un produto final de creación propia a unha audiencia, explicando os pasos seguidos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.</li> <li>- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos).</li> <li>- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Estrutura e niveis de organización dos seres vivos: tipos de células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.</li> <li>- Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada a partir do estudo e análise das características de diferentes ecosistemas. Os seres vivos: características, clasificación e tipos.</li> <li>- Características propias dos animais que permiten a súa clasificación e diferenciación en subgrupos relacionados coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. Animais autóctonos de Galicia.</li> <li>- Características propias das plantas que permiten a súa clasificación en relación coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. A importancia da fotosíntese para a vida na terra. Plantas autóctonas de Galicia.</li> <li>- Os ecosistemas como lugar onde interveñen factores bióticos e abióticos, manténdose un equilibrio entre os diferentes elementos e recursos. Relacións entre os seres vivos dun ecosistema, cadeas alimentarias, características, compoñentes e tipos de ecosistemas.</li> <li>- Relación do ser humano cos ecosistemas para cubrir as necesidades da sociedade. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e as súas consecuencias, recoñecendo as accións humanas que modifican o medio natural e contribúen á extinción de especies. Importancia da biodiversidade.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.</li> </ul>

## Contidos

- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes). Xestión de arquivos.
- Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Influencia do desenvolvemento tecnolóxico na mellora das condicións de vida e de traballo na sociedade actual.
- Avances da ciencia na contorna (medicina, tecnoloxías da información e a comunicación, cinema, deporte).
- Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.
- Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
- Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
- Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
- Deseño, prototipado, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna.
- Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto.
- Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D).
- Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

UD	Título da UD	Duración
2	Proxecto 2: OS ESTADOS DA MATERIA E ENERXÍA	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formula preguntas relacionadas sobre o medio natural	TI	100
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información de diferentes fontes seguras		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Realiza experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, recollendo datos significativos para o traballo		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e os resultados obtidos, realizando con axuda un esquema das súas conclusións para poder explicar os pasos seguidos		
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar e analizar as propiedades da materia, empregando os instrumentos adecuados de forma guiada.		
CA3.2 - Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable.	Recoñecer e explicar as algunha fonte de enerxía relacionandoas coa vida cotiá		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar recursos dixitais educativos, buscando e comunicando a información, de xeito individual ou en equipo, para elaborar un contido dixital		
CA4.2 - Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía, identificando os seus riscos e beneficios na sociedade.	Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía identificando riscos para a sociedade.		
CA4.3 - Formular problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	Formular un problema de deseño que se resolva coa creación dun prototipo.		
CA4.4 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Diseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estratexias de forma guiada.		
CA4.5 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Desenvolver un produto final utilizando ferramentas e dispositivos sinxelos de forma guiada.		
CA4.6 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Ser capaz de expor un produto final de creación propia a unha audiencia, explicando os pasos seguidos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses.</li> </ul>

**Contidos**

- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.
- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos).
- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Propiedades da materia. Masa e volume. Cálculo da masa e o volume a través da experimentación.
- As fontes de enerxía renovables e non renovables.
- A enerxía eléctrica. Os circuitos eléctricos e as estruturas robotizadas. Atracción e repulsión de cargas eléctricas.
- Influencia das fontes de enerxía renovables na contribución ao desenvolvemento sustentable.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes). Xestión de arquivos.
- Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Influencia do desenvolvemento tecnolóxico na mellora das condicións de vida e de traballo na sociedade actual.
- Avances da ciencia na contorna (medicina, tecnoloxías da información e a comunicación, cinema, deporte).
- Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.
- Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
- Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
- Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
- Deseño, prototipado, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto.</li> <li>- Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D).</li> <li>- Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Proxecto 3: AS MÁQUINAS E EDUCACIÓN AMBIENTAL	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formula preguntas relacionadas sobre o medio natural	TI	100
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información de diferentes fontes seguras		
CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Realiza experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, recollendo datos significativos para o traballo		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e os resultados obtidos, realizando con axuda un esquema das súas conclusións para poder explicar os pasos seguidos		
CA3.3 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Participar na procura e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais e buscar solucións de forma guiada.		
CA3.4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna para partir do uso de máquinas simples e compostas.	Identificar máquinas simples e compostas de uso cotián e as súas características e funcións.		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar recursos dixitais educativos, buscando e comunicando información, de xeito individual ou en equipo, para elaborar un contido dixital		
CA4.2 - Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía, identificando os seus riscos e beneficios na sociedade.	Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía identificando riscos para a sociedade.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Formular problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	Formular un problema de deseño que se resolva coa creación dun prototipo.		
CA4.4 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Diseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estatexias de forma guiada.		
CA4.5 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Desenvolver un produto final utilizando ferramentas e dispositivos sinxelos de forma guiada.		
CA4.6 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Ser capaz de expor un produto final de creación propia a unha audiencia, explicando os pasos seguidos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.</li> <li>- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos).</li> <li>- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Fontes, transformacións, transferencia e uso responsable da enerxía na vida cotiá para afrontar problemas ecosociais.</li> <li>- Identificación, características e funcións das máquinas simples e compostas de uso cotián.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.</li> <li>- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes). Xestión de arquivos.</li> </ul>

## Contidos

- Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Influencia do desenvolvemento tecnolóxico na mellora das condicións de vida e de traballo na sociedade actual.
- Avances da ciencia na contorna (medicina, tecnoloxías da información e a comunicación, cinema, deporte).
- Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.
- Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
- Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
- Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
- Deseño, prototipado, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna.
- Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto.
- Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D).
- Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O centro educativo conta cunha liña metodolóxica aprobada na PXA e, a espera de ser aprobada no seu próximo PE, esta proposta basease nunha aprendizaxe competencial, valorando o saber facer fronte o saber que. Deste xeito, unirase varios contidos o mesmo tempo de xeito intra e interdisciplinar, traballando varias áreas curriculares o mesmo tempo.

Concretase a concreción metodolóxica da seguinte forma:

- Partindo do enfoque do centro realizaranse o traballo por tarefas integradas coa elaboración de distintos produtos finais, que teñan unha relevancia social. Durante a xornada escolar, contase cun tempo para os agrupamentos interniveis nos que o grupo deberá realizar un proxecto ou tarefa con distintas temáticas, como por exemplo na unidade 1, realizar sendas analizando a flora e fauna autóctona xerando un QR informativo para colocar na senda, realizar vídeos recreando a recollida adecuada do tamaño dos bivalvos no traballo das marisqueadoras para a aula virtual, fomentar a vida saudable na radio...

Nesta liña, este curso escolar o traballo nos contextos de aprendizaxe dividirase en 7 grupos interniveis: Radio, televisión, obradoiro, Natural, humanístico, técnicas de estudo e robótica, todos eles estarán vinculados principalmente con contidos das ciencias.

- Fomentar a expresión oral mediante distintas exposicións entorno a unha temática. Tamén mediante o traballo na asemblea, instaurada a nivel de centro, que non só é un momento da mañá no que o alumnado poda expresarse, senón que tamén teremos tempo para a investigación e preparación das exposicións orais, a realización de retos en gran grupo, a posta en común e expresión de distintos puntos de vista ante un problema, o traballo coa prensa ou

análise do tempo, entre outras das actividades a levar a cabo na asemblea. Tamén o debte sobre posicións encontradas será unha das actividades principais durante a semana para potenciar a expresión oral e a crítica social.

- Outra liña de actuación no centro son as matemáticas manipulativas, dun xeito no que o alumnado poda expresar con distintos materiais o resultado a un problema, vivenciando e manipulando os datos matemáticos de cara a un maior comprensión, de igual xeito que permita expresar o alumno/a en función da maneira máis sinxela para el/ela, entendéndose así como unha metodoloxía de cara a diversidade da aula. En torno a vertente OAOA, que ten por finalidade o emprego da calculadora como instrumento, axilizar o cálculo mental e escrito ou expresarse en distintos ritmos de aprendizaxe. Isto referizo a liña da área de matemáticas, pero a aprendizaxe manipulativa tamén a traballaremos nas áreas das ciencias.

- Na aula empregárase o Aprendizaxe baseado en Xogos (ABX) de cara a ludificar certos contidos, mellorar a convivencia ou contribuír a consecución dunhas instrucións. Deste modo afianzaranse contidos do currículo cos distintos xogos, como a baralla de cartas, o código 13+4 ou directores de cine... Máis apropiados para a área de ciencias poden ser: Naturezate ou timeline sobre feitos da historia.

- A aprendizaxe cooperativa tamén estará presenta na aula, creando 5 equipos de entre 3-4 alumnos/as, de xeito heteroxéneo con distintos niveis curriculares. Tomando como referente o programa AC/CA da Universidade de Vic de Xosé Ramón Lago e Peré Puyolas, será un xeito de mellorar a diversidade, ampliar a motivación e efectividade ou mellorar a convivencia escolar. En torno a 3 ámbitos de actuación, cohesión grupal, dinámicas cooperativas e o traballo no caderno de equipo, como elemento autoavaliativo tras cada actividade.

- A observación e experimentación así como a busca de información estarán presentes na aula, como xeito de adquisición da autonomía do alumnado. Polo que o método científico e as súas fases tamén se empregarán durante as sesión sobre todo nas áreas das ciencias, Naturais e Sociais.

Partirase dos coñecementos previos do alumnado para levar a cabo esta metodoloxía activa, participativa e contextualizada, para que o alumnado poda alcanzar a totalidade dos elementos prescritivos presentes no actual currículo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos espaciais
Recursos materiais
Recursos dixitais

### Recursos persoais:

Estarán formados polos profesionais que impartan docencia ao alumnado deste 5º curso, como son o titor, o especialista de música, o mestre de inglés, a mestra de relixión católica ou a especialista de educación física. Tamén contase co Departamento de Orientación, formado pola xefa do departamento, 2 mestras de pedagogía Terapéutica e 1 mestra de Audición e Linguaxe, sendo de especial relevancia para a aula pola súa diversidade. A maiores pódese contar con recursos externos o centro como pode ser os distintos gabinetes que teñen relación co alumnado ou o Equipo de Orientación Específico. As familias tamén xogan un importante papel podendo ser un recurso máis para o centro, sen esquecermos da ANPA ou da escola de familias do centro, que traerán o centro temáticas como o horto escolar.

### Recursos espaciais:

O centro conta con distintos espazos para a execución e investigación das tarefas do alumnado. A propia aula, será un espazo máis, pero tamén a biblioteca, a radio escolar, o horto, o patio ou a aula de sexto, onde realizaranse os

contextos de aprendizaxe xunto coa aula de 5º. Non pódese esquecer a riqueza natural na que está inmersa o centro, polo que a nosa contorna tamén será un espazo a empregar para as distintas actividades.

**Recursos materiais:** Son a base para o traballo manipulativo, dado que a vivenciación realizarase co propio corpo. Polo tanto dispónse de todo tipo de material funxible, material científico como probetas ou microscopios, ou distintos materiais para elaborar os produtos finais, como pode ser madeira para realizar distintas máquinas.

**Recursos dixitais:**

Contase con radio escolar ou biblioteca con espazo maker, a maiores tamén o centro adaptara un espazo para a convocatoria de Polos Creativos, nos que se prevé un recuncho de impresión 3D, radio escolar e carpintería, do mesmo xeito, na aula encontrase un panel con ferramentas e unha mesa de carpinteira para realizar distintas actividades. Contase tamén co programa Edixgal, polo que tense a disposición do alumnado distintos micro portátiles. Outros dos materiais dixitais do centro e aula son: robots, tablets, proxector e encerado dixital, placas de programación... Dende estes dispositivos levarase a cabo o traballo en distintas app ou programas, como os editores de texto ou vídeo, ou apps para traballar cálculo mental.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial terá lugar nas primeiras semanas de setembro. Para data avaliación terase en conta:

- Os informes académicos de cursos anteriores.
- Información coa titora do curso pasado e coas familias para recoller a información oportuna coa finalidade de coñecer o alumno en canto a termos como a autonomía, o traballo en busca da información pu as situacións familiares...
- Avaliación de competencias e contidos: a través de actividades descritivas, de identificación de conceptos, intencións e concienciación co planeta... relacionado coas áreas de lingua castelá e galega.
- Iniciarase cunha busca de información para observar as dotes de dixitalización do alumnado e, así, tomalo como punto de partida.

A finalidade de esta avaliación é recadar información para localizar posibles dificultades ou reforzos que vaian a porse en marcha.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>40</b>	<b>30</b>	<b>30</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

**Criterios de cualificación:**

Nos criterios de cualificación deberán ter en conta os instrumentos de avaliación, que para esta programación serán as táboas de indicadores.

Dentro da PXA do centro está recollido que o alumnado non será avaliado por medio de exames. Polo tanto as táboas de indicadores serán as evidencias de cara a avaliación, en base a rúbricas, listas de cotexo, rexistro de datos, a observación directa... que obterase unha cualificación a partir de distintas producións como tarefas artísticas dun produto, producións orais ou escritas en diferentes soportes, probas específicas....

As táboas de indicadores terán unha directa relación co criterio de avaliación, que de cada un terá un criterio mínimo, que indicará o nivel mínimo para superalo. Estes, serán nivelados cun tanto por cento para as distintas unidades.

As ciencias naturais levaranse a cabo por medio de contextos de aprendizaxe, que en cada un, realizarase unha tarefa integrada e temporalízase e secuenciase os criterios por trimestres e pesos durante o ano escolar. Polo tanto cada un dos contextos terán relación cun grupo de criterios de avaliación que no apartado de avaliación ven recollido o peso que a superación de cada un ten para a nota final da tarefa.

Para acadar a nota media do trimestre realizarase a media aritmética entre as notas finais.

Para obter a nota de cada un das tarefas e, en relación cos criterios de avaliación, seguirase a seguinte premisa:

30 % produtos finais e explicación + 40% proceso de elaboración + 20 % traballo cooperativo + 10% actitude cara o traballo.

Nesta área, aínda que moitos contidos poden estar intrarelacionados, a nota final do curso elaborárase realizando a media entre as avaliacións.

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que obteña unha calificación negativa nunha tarefa/contexto de aprendizaxe, permitiráselle entregar un traballo individual escrito que teña relación cos contidos traballados, deste xeito, o alumnado nesta situación poderá alcanzar os mínimos esixibles para a tarefa. Calcificándose o traballo en apto ou non apto.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A diversidade é una realidade dentro dun aula, polo tanto este documento intentará dar resposta ao alumnado do grupo que vai dirixida.

Para dar resposta a este grupo tomase como referente a orde do 8 de setembro do 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro. Os artigos 7, 8 e 9 do mencionado decreto fan referencia as medidas de atención a diversidade, sendo estas ordinarias e extraordinarias, estas ultimas se levaran a cabo cando todas as anteriores sexan esgotadas, malia que pode haber algunha excepción significativa.

Poren, a metodoloxía empregada foi escollida minuciosamente, así esta, será unha medida de resposta a diversidade. Certos principios metodolóxicos forman parte da filosofía do centro, como pode ser o traballo nas matemáticas manipulativas, que permite que o pensamento abstracto da área sexa un proceso construído e significativo para o alumnado, permitindo o alumnado expresarse do xeito máis doado para eles/elas, o circulo/faladoiro é traballado en todas as aula, como xeito de expresión libre, exposición de temas, debates... co obxectivo de que o alumnado sexa competente na expresión oral, tamén como situación de convivencia sa, na que o alumnado poda compartir entre eles/elas, traballar a autoestima, normas de aula, traballar distintas emocións...

Por outra parte, os principios metodolóxicos que se escolleron para dar resposta o alumnado pode verse a implicación con este apartado no punto correspondente a metodoloxía.

De volta as medidas ordinarias encontramos:

- A adecuación desta proposta educativa, a organización e xestión da aula as características do grupo. Pudendo realizar tarefas de reforzo ou ampliación o alumnado que o necesite, así como permitir a recuperación daquelas situacións necesarias.

- Adaptarase tempos e instrumentos de avaliación as necesidades reais.

- Levaranse a cabo reforzos educativos e apoios por parte do mestre de educación musical e a mestra de sexto curso.

- Traballar as habilidades sociais, con disintas dinámicas para a asemblea ou tarxetas emocionais para falar sobre os sentimentos.

Como medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, , así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Saídas para coñecer a contorna próxima e entornos sobre distintos ecosistemas, podendo visualizar flora e fauna.	X	X	X
Saídas culturais	Para coñecer monumetnos, museos e distintas representacións artísticas de interese.	X	X	X
Charlas e oratoria	Distitnas sesións sobre profesións, coidado co medio ambiente, ecoloxía, horto escolar...	X	X	X
Obradoiros	Para traballar sobre tematicas de interese, como pode ser o obradoiro sobre microecosistemas na aula.	X	X	X
Conmemoracións do calendario escolar ou outras conmemoracións menos coñecidas	Traballadas a nivel de aula e centro, para coñecer o día da paz e non violencia, o día mundial do medio Ambiente ou a saúde	X	X	X
Horto escolar	O centro está inmerso nun PFPP sobre horto escolar, que aproveitará as formación para traballar co alumnado, poñéndose en practica o aprendida e capitaneado polo equipo de ecoloxía do centro.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Usáronse instrumentos e procedementos de avaliación variados en relación ós aspectos a valorar.
Fomentamos a implicación e participación activa das familias na vida da escola.
Metodoloxía empregada
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos?) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas.
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos obxectivos, criterios de avaliación e competencias clave.
A secuenciación dos criterios de avaliación favoreceu a súa correcta adquisición. Usáronse estratexias e procedementos de auto-avaliación e coevaluación en grupo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos escollidos foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas e diversidade da aula.
Usamos diferentes medios de información ás familias.

Medidas de atención á diversidade
Conseguíuse a participación activa do alumnado.

**Descrición:**

Para realizar a revisión da practica docente terase en conta os indicadores de logro mencionados para velo axeitado desenvolvemento da proposta educativa ao longo do curso.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A elaboración e seguimento desta programación será levada a cabo mediante a aplicación PROENS. As reunións coa CCP, departamento de orientación e equipo de nivel guiarán posibles cambios que poidan levarse a cabo en base a propostas necesarias para o avance do alumnado. A revisión da programación realizarase trimestralmente. En base aos resultados obtidos, así como o anteriormente mencionado, faranse os cambios e as modificacións necesarias. Recordar que este documento es flexible, podendo modificarse en función das necesidades da aula. Ademais, destaca a memoria final será un documento de revisión, reflexión , a partir da análise dos resultados do alumnado así como o seu avance nas competencias clave a través do documento de valoración da práctica docente.

**9. Outros apartados**



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	5º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

## 1. Introducción

As ciencias Sociais supoñen dotar de actuacións cívicas o alumnado ao que vai dirixida esta proposta. Polo tanto, desde esta área intentarase concienciar o alumnado e dotalo de recursos para lograr ser un cidadán activo e respetuoso coa sociedade que o rodea.

O referente para realizar este documento é o actual currículo, o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, que establece a ordenación e o currículo para a nosa comunidade autónoma, será o referente para elaborar esta programación, dado que así o recolle o seu artigo 15, a necesidade de crear a programación docente.

O centro no que se vai realizar a función docente é un CEIP, centro de Educación Infantil e Primaria, de liña 1. O centro escolar está enriquecido polo seu carácter rural, sendo privilexiado para a área de Ciencias Naturais, dado que contamos cun abanico de posibilidades dentro da natureza viva, contando a moi escasos metros dunha praia ou bosques cos elementos característicos destes ecosistemas,.

Este documento está orientado a un grupo de alumnado de 20 nenos e nenas, cunha competencia curricular diversa, que actualmente se encontran no quinto nivel de Educación Primaria. Dentro do grupo encontranse nenos ou nenas con NEAE, para as que se dará resposta no apartado 6.

A lingua vehicular das e dos discentes é a lingua castelá, por iso profundizarase no uso do galego e a intención comunicativa nesta lingua, para coñecer esta lingua.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	PROXECTO 1: " COÑECEMOS A TERRA E AS SÚAS PAISAXES"	<p>En torno á búsqueda de información, empregando instrumentos e vocabulario axeitado, investigaremos sobre Ciencia e sociedade, traballando de xeito individual e cooperativo, empregando os recursos dixitais traballaremos os contidos relacionados coa:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estudamos o espazo e o planeta Terra.</li> <li>- A paisaxe (tipos, características, elementos, como cambiaron, ecosistemas, etc).</li> </ul> <p>Centrarémonos na paisaxe da contorna e de Galicia.</p>	40	28	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	PROXECTO 1: " COÑECEMOS A TERRA E AS SÚAS PAISAXES"	- O cambio climático (clima, fenómenos atmosféricos, etc) establecendo unha relación entre ambos (espazos protexidos, cambios da paisaxe, árbores e plantas en perigo de extinción, etc).	40	28	X		
2	PROXECTO 2: "COÑECEMOS ONDE VIVIMOS E COMO FUNCIONA O NOSO PAÍS E EUROPA"	En torno á búsqueda de información, empregando instrumentos e vocabulario axeitado, investigaremos sobre Ciencia e sociedade, traballando de xeito individual e cooperativo, empregando os recursos dixitais traballaremos contidos relacionados coa:  - A organización política e territorial (mapas de España, Galicia e o da propia localidade.) . - A estrutura administrativa e de servizos. - Funcionamento xaral da sociedade. - Seguridade viaria.  - Costumes e tradicións - Desigualdades sociais.	30	22		X	
3	PROXECTO 3: "COÑECEMOS A HISTORIA E A PREHISTORIA"	En torno á búsqueda de información, empregando instrumentos e vocabulario axeitado, investigaremos sobre Ciencia e sociedade, traballando de xeito individual e cooperativo, empregando os recursos dixitais traballaremos os contidos relacionados coa historia e a prehistoria: - As fontes e o tempo histórico. - A cronoloxía: Prehistoria e idade antiga. Vendo as características máis significativas de cada idade -As diferentes culturas e costumes, arte, personaxes, sociedades, etc desas idades principalmente. -Tamén veremos como avanzou a sociedade, así como algún invento ou descubrimento.	30	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	PROXECTO 1: " COÑECEMOS A TERRA E AS SÚAS PAISAXES"	28

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	100
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Utilizar algunha fonte de información en investigacións.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar, de xeito sinxelo, os elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Promover estilos de vida sustentable valorando e sendo crítico coa acción humana		
CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Emprender actividades críticas sobre a acción humana e a vida sustentable, buscando solución para tales feitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.</li> <li>- A Terra, o universo e o Sistema Solar. Movementos terrestres e fases lunares.</li> <li>- O clima e o planeta. Tipos de clima en Galicia e en España. Elementos e factores climáticos.</li> <li>- Cartografía, planos, mapas e planisferios. Escalas e símbolos convencionais de mapas, elaboración de itinerarios.</li> <li>- O cambio climático do local ao global: causas e consecuencias. Medidas de mitigación e adaptación.</li> <li>- O desenvolvemento sustentable. A actividade humana sobre o espazo e a explotación dos recursos. A actividade económica e a distribución da riqueza: desigualdade social e rexional no mundo e en España. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.</li> <li>- Estilos de vida sustentable: os límites do planeta e o esgotamento de recursos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	PROXECTO 2: "COÑECEMOS ONDE VIVIMOS E COMO FUNCIONA O NOSO PAÍS E EUROPA"	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	100
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Coñecer como está conformada a sociedade actual.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promover o respecto fronte calquera situación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Empregar o diálogo fronte un conflito promovendo o respecto. Asumindo as principais normas da UE.		
CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.	Coñecer e explicar os órganos de goberno dende a vila a UE		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.</li> <li>- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia.</li> <li>- A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia.</li> <li>- A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, provincial e autonómica en Galicia. Sistemas de representación e de participación política.</li> <li>- A memoria democrática. Análise multicausal do proceso de construción da democracia en España.</li> <li>- Galicia. Principais institucións, valores e funcións.</li> <li>- Migracións e diversidade cultural. As principais variables demográficas e a súa representación gráfica. Os comportamentos da poboación e a súa evolución. Os movementos migratorios e a apreciación da diversidade cultural. Contraste entre zonas urbanas e de</li> <li>- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
3	PROXECTO 3: "COÑECEMOS A HISTORIA E A PREHISTORIA"	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	100
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Utilizar algunha fonte de información nas investigacións.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a identidade de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> </ul>

## Contidos

- A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais).
- O tempo histórico na Idade Media: o Camiño de Santiago, o Románico e o Gótico, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- O tempo histórico na Idade Moderna: os descubrimentos, o Renacemento e o Barroco, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O centro educativo conta cunha liña metodolóxica aprobada na PXA e, a espera de ser aprobada no seu próximo PE. Esta proposta baséase nunha aprendizaxe competencial. Deste xeito, uníranse varios contidos ó mesmo tempo, de xeito intra e interdisciplinar, traballando varias áreas curriculares á vez.

Así, concrétese a concreción metodolóxica da seguinte forma:

- Partindo do enfoque do centro realizarase o traballo por tarefas integradas coa elaboración de distintos produtos finais, que teñan unha relevancia social. Durante a xornada escolar, contase cun tempo para os agrupamentos inter niveis nos que o grupo deberá realizar un proxecto ou tarefa con distintas temáticas, como por exemplo na unidade 1, a elaboración dun tríptico para a difusión na contorna sobre a flora e fauna dos distintos continentes. Aínda que este traballo interaulas está máis baseado nos aprendizaxes das ciencias, a expresión oral, comunicación escrita, producións orais como exposicións ou escritas como documentos en Power point, con aspectos relacionados coa Lingua Galega e Lingua Castelá, aínda que as áreas das ciencias empregárase a Lingua galega.

- Fomentar a expresión oral mediante distintas exposicións entorno a unha temática. Tamén mediante o traballo na asemblea, instaurada a nivel de centro, que non só é un momento da mañá no que o alumnado pode expresarse, senón que tamén teremos tempo para a investigación e preparación das exposicións orais, a realización de retos en gran grupo, a posta en común e expresión de distintos puntos de vista ante un problema, o traballo coa prensa ou análise do tempo, entre outras das actividades a levar a cabo na asemblea. Durante a semana organízase a asemblea con distintas propostas e, polo tanto, con distintas finalidades, por exemplo, compartindo o que desexen do seu fin de semana, o alumnado construíra textos orais ao seu gusto, na asemblea de retos, o alumnado expresara o proceso de resolución dun problema ou na asemblea de prensa, o alumnado exporá un resumo dunha noticia do seu agrado.

- A aprendizaxe cooperativa tamén estará presente na aula, creando 5 equipos de 4 alumnos/as, de xeito heteroxéneo con distintos niveis curriculares.

- A observación e experimentación, así como a busca de información, estarán presentes na aula, como xeito de adquisición da autonomía do alumnado. Polo que o método científico e as súas fases tamén se empregarán durante a sesión sobre todo nas áreas das ciencias, Naturais e Sociais. Traballando así o concepto de aula invertida, no que potencíase dita autonomía e o traballo na busca de información contrastada.

Partirase dos coñecementos previos do alumnado para levar a cabo esta metodoloxía activa, participativa e contextualizada, para que o alumnado poda alcanzar a totalidade dos elementos prescritos presentes no actual currículo.

A maiores, o Deseño Universal de Aprendizaxe non só será unha vertente para a atención a diversidade, senón que se nivelará os contidos a traballar, para que todo o alumnado da aula traballe sobre a mesma temática o mesmo tempo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais:
Recursos materiais
Recursos materiais
Recursos dixitais

### Recursos persoais:

Estarán formados polos profesionais que impartan docencia ao alumnado deste 5º curso, como son a titora, o especialista de música, o mestre de inglés, a mestra de relixión católica ou a especialista de educación física. Tamén cóntase co Departamento de Orientación, formado pola xefa do departamento, 2 mestras de pedagogía Terapéutica e 2 mestras de Audición e Linguaxe, sendo de especial relevancia para a aula pola súa diversidade. A maiores pódese contar con recursos externos o centro como pode ser os distintos gabinetes que teñen relación co alumnado ou o Equipo de Orientación Específico. As familias tamén xogan un importante papel podendo ser un recurso máis para o centro, sen esquecernos da ANPA ou da escola de familias do centro, que traerán o centro temáticas como o horto escolar.

### Recursos espaciais:

O centro conta con distintos espazos para a execución e investigación das tarefas do alumnado. A propia aula, será un espazo máis, pero tamén a biblioteca, a radio escolar, o horto, o patio ou a aula de sexto, onde se realizarán os contextos de aprendizaxe xunto coa aula de 5º. Non se pode esquecer a riqueza natural na que está inmersa o centro, polo que a nosa contorna tamén será un espazo a empregar para as distintas actividades.

### Recursos materiais:

Son a base para o traballo manipulativo, dado que a vivenciación realizarase co propio corpo. Polo tanto dispónse de todo tipo de material funxible, material científico como probetas ou microscopios, ou distintos materiais para elaborar os produtos finais, como pode ser madeira para realizar distintas máquinas.

### Recursos dixitais:

Cóntase con radio escolar ou biblioteca con espazo maker, a maiores tamén o centro adaptara un espazo para a convocatoria de Polos Creativos, nos que se prevé un recuncho de impresión 3D, radio escolar e carpintería. Cóntase tamén co programa Edixgal, polo que se ten a disposición do alumnado distintos micro portátiles. Outros dos materiais dixitais do centro e aula son: robots, tablets, proxector e encerado dixital, placas de programación... Dende estes dispositivos levarase a cabo o traballo en distintas app ou programas, como os editores de texto ou vídeo, ou apps para traballar cálculo mental.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial terá lugar nas primeiras semanas de setembro. Para data avaliación terase en conta:

- Os informes académicos de cursos anteriores.
- Información co titor do curso pasado e coas familias para recoller a información oportuna coa finalidade de coñecer o alumno en canto a termos como a autonomía, o traballo en busca da información ou as situacións familiares...
- Avaliación de competencias e contidos: Ante calquera unidade exercerase unha avaliación inicial sobre os contidos relacionados coa temática.

A finalidade de esta avaliación é recadar información para localizar posibles dificultades ou reforzos que vaian

poñerse en marcha.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Nesta área, que forma parte das materias relativas a Contextos (Ciencias Sociais e Ciencias Naturais), a nota final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada trimestre.

Para levar a cabo a avaliación desta área empregaremos: rúbricas, listaxes de observación, investigacións, producións variadas, portfolio e caderno de aula.

As porcentaxes de peso para a nota numérica será:

- Produccións do alumnado (65 %) as cales poden ser moi variadas segundo o momento ou os contidos traballados:

Expresión oral  
 Expresión escrita  
 Expresión artística  
 Expresión vivencial  
 Comprensión oral  
 Comprensión escrita

- Traballo en equipo (35%)

Respecto polo traballo e polos compañeiros/as  
 Participación activa no traballo  
 Actitude positiva e axeitada ante o proceso de ensinanza - aprendizaxe  
 A resolución do conflito

### Criterios de recuperación:

A aquel alumnado que obteña unha cualificación negativa nunha tarefa/contexto de aprendizaxe, permitiráselle entregar un traballo individual escrito que teña relación cos contidos traballados, deste xeito, o alumnado nesta situación poderá alcanzar os mínimos esixibles para a tarefa. Clasificándose o traballo en apto ou non apto.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é una realidade dentro dunha aula, polo tanto este documento intentará dar resposta ao alumnado do grupo que vai dirixida.

Para dar resposta a este grupo tomase como referente a orde do 8 de setembro do 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro. Os artigos 7, 8 e 9 do mencionado decreto fan referencia as medidas de atención a diversidade, sendo estas ordinarias e extraordinarias, estas últimas se levaran a cabo cando todas as anteriores sexan esgotadas, por norma xeral.

Poren, a metodoloxía empregada foi escollida minuciosamente, así esta, será unha medida de resposta a diversidade. Certos principios metodolóxicos forman parte da filosofía do centro, como pode ser o traballo nas matemáticas manipulativas, que permite que o pensamento abstracto da área sexa un proceso construído e significativo para o alumnado, permitindo o alumnado expresarse do xeito máis doado para eles/elas; o círculo/faladoiro é traballado en todas as aula, como xeito de expresión libre, exposición de temas, debates... co obxectivo de que o alumnado sexa competente na expresión oral, tamén como situación de convivencia sa, na que o alumnado poda compartir entre eles/elas, traballar a autoestima, normas de aula, traballar distintas emocións...

Por outra parte, os principios metodolóxicos que se escolleron para dar resposta o alumnado pode verse a implicación con este apartado no punto correspondente a metodoloxía.

De volta ás medidas ordinarias encontramos:

- A adecuación desta proposta educativa, a organización e xestión da aula as características do grupo. Pudendo realizar tarefas de reforzo ou ampliación o alumnado que o necesite, así como permitir a recuperación daquelas situacións necesarias.

- Adaptaranse tempos e instrumentos de avaliación as necesidades reais.

- Levaranse a cabo reforzos educativos e apoios por parte do mestre de educación musical e a mestra de sexto curso.

- Traballar as habilidades sociais, con disintas dinámicas para a asemblea ou tarxetas emocionais para falar sobre os sentimentos.

Como medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, así como, debe contemplarse a posibilidade de que o alumnado que non poida acudir ao centro educativo por circunstancias sanitarias levándose a cabo unha atención hospitalaria ou unha atención educativa domiciliaria, que ata o momento non é unha realidade na aula, así como outras medidas extraordinarias recollidas na orde anteriormente ditada e que puidéranse poñer en práctica no momento que se necesiten.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.		X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Saídas para coñecer a contorna próxima e os sistemas organizativos máis cercanos			
Saídas culturais	Para coñecer monumetos, museos e distintas representacións artísticas, sociais ou culturais de interese			
Charlas e oratoria	Distintas sesións sobre profesións, sistema político ou organizativo.			
Conmemoracións do calendario escolar ou outras conmemoracións menos coñecidas	Actividades xeradas para destacar algunha actuación social, cultural ou artística, como pode ser o día da diversidade ou o día dos museos.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos?) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas.
Conseguíuse a participación activa do alumnado.

As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos obxectivos, criterios de avaliación e competencias clave.
A secuenciación dos criterios de avaliación favoreceu a súa correcta adquisición. Usáronse estratexias e procedementos de auto-avaliación e coevaluación en grupo.
Usáronse instrumentos e procedementos de avaliación variados en relación ós aspectos a valorar.
Os recursos escollidos foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas e diversidade da aula.
Usamos diferentes medios de información ás familias.
Fomentamos a implicación e participación activa das familias na vida da escola.

#### **Descrición:**

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais, eiqúí numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X
Exposición con invitación ás familias	Ao longo dos tres trimestres, farase unha exposición guiada das obras de artistas como Warhol en distintos recunchos do centro polo alumnado con invitación ás familias.		X	X
Colaboración no Xornal do Centro	No 3º trimestre colabórase elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no xornal.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.

Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoíouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
  - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
  - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
  - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
  - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
  - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
  - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)



### 3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	5º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

Este documento está baseado no actual currículo, o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, que establece a ordenación e o currículo para a nosa comunidade autónoma, será o referente para elaborar esta programación, dado que así o recolle o seu artigo 15, a necesidade de crear a programación docente.

O centro no que se vai realizar a función docente é un CEIP, centro de Educación Infantil e Primaria, de liña 1. O centro escolar esta enriquecido polo seu carácter rural, contando cun abanico de posibilidades dentro da natureza viva, contando a moi escasos metros dunha praia ou bosques cos elementos característicos destes ecosistemas,.

Este documento está orientado a un grupo de alumnado de 20 nenos e nenas, cunha competencia curricular diversa, que actualmente se encontran no quinto nivel de Educación Primaria. Dentro do grupo encontranse nenos ou nenas con NEAE, que se dara resposta a distintas peculiaridades no apartado 6.

A lingua vehicular dos discentes é a lingua castelá, lingua na que será impartida a materia.

Por outra banda, o alumnado ten un interese activo polos filmes, polo tanto é un recurso que empregaremos para levar a cabo o proxecto desta materia, uníndoo con valores sociais como tolerancia, o respecto, empatía, as normas de convivencia... e moitas outras emocións.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Tolerancia e empatía	Visionado de distintos cortos sobre tolerancia, empatía, respecto...	30	10	X		
2	Falamos e escoitamos	Baseándonos na CNV, aprenderemos a facer unha escoita activa, utilizando os dilemas morais como tema transversal. Falamos e escoitamos o que teñen que contarnos o resto de compañeiras e compañeiros.	35	15		X	
3	Igualdade e diversidade	Traballamos a igualdade e a diversidade a través dunha película, da que faremos comentarios de forma oral.	35	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Tolerancia e empatía	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia dos valores para a convivencia..	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Falamos e escoitamos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Igualdade e diversidade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a o proxecto aos seus compañeiros/as.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición e durante o transcurso do ano.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais ou plásticos na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O centro educativo conta cunha liña metodolóxica aprobada na PXA e, a espera de ser aprobada no seu próximo PE, esta proposta basease nunha aprendizaxe competencial, valorando o saber facer fronte o saber que. Deste xeito, unirase varios contidos o mesmo tempo de xeito intra e interdisciplinar, traballando varias áreas curriculares o mesmo tempo.

Concrétase a concreción metodolóxica da seguinte forma:

- Partindo do enfoque do centro, traballaremos a comunicación non violenta a través das conversas e a escoita activa na aula, con temas traídos de diferentes cortos e películas que visionaremos e mesmo de propostas de dilemas morais. O obxectivo principal é o de traballar a empatía, pero traballaremos moitos outros valores para construír unha cidadanía activa e responsable, partindo de moitas reflexións e debates en grupo.

- Fomentar a expresión oral mediante distintas exposicións en torno a unha temática. Tamén mediante o traballo na asemblea, instaurada a nivel de centro, que non só é un momento da mañá no que o alumnado pode expresarse, senón que tamén teremos tempo para a investigación e preparación das exposicións orais, a realización de retos en gran grupo, a posta en común e expresión de distintos puntos de vista ante un problema, o traballo coa prensa ou análise do tempo, entre outras das actividades a levar a cabo na asemblea.

- A aprendizaxe cooperativa tamén estará presenta na aula, creando equipos e parellas de xeito heteroxéneo con distintos niveis curriculares.

- A metodoloxía de aula invertida será moi interesante para traballar nesta materia, xa que eles ou elas mesmas guiarán o seu proceso, coa busca da información relevante e o traballo de xeito autónomo.

Partirase dos coñecementos previos do alumnado para levar a cabo esta metodoloxía activa, participativa e contextualizada, para que o alumnado poda alcanzar a totalidade dos elementos prescritivos presentes no actual currículo.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais:
Recursos espaciais
Recursos materiais
Recursos dixitais

Recursos persoais:

Nesta área non contaremos con profesorado de apoio, pero non só se traballarán valores nesta sesión, senón que todo mestre ou mestra porá un gran de arena para formar a cidadáns respectuosos coa sociedade.

Recursos espaciais:

O centro conta con distintos espazos para a execución e investigación das tarefas do alumnado. A propia aula, será un espazo máis, pero tamén a biblioteca, a radio escolar, o patio, malia que o espazo máis usado será a aula de

quinto. Non se pode esquecer a riqueza natural na que está inmersa o centro, polo que a nosa contorna tamén será un espazo a empregar para as distintas actividades.

#### Recursos materiais:

Son a base para o traballo manipulativo, dado que a vivenciación realizarase co propio corpo. Polo tanto dispónse de todo tipo de material funxible, material científico como probetas ou microscopios, ou distintos materiais para elaborar os produtos finais, como pode ser madeira para realizar distintas máquinas.

#### Recursos dixitais:

Cóntase con radio escolar ou biblioteca con espazo maker, a maiores tamén o centro adaptara un espazo para a convocatoria de Polos Creativos, nos que se prevé un recuncho de impresión 3D, radio escolar e carpintería. Cóntase tamén co programa Edixgal, polo que se ten á disposición do alumnado distintos micro portátiles. Outros dos materiais dixitais do centro e aula son: robots, tablets, proxector e encerado dixital, placas de programación... Dende estes dispositivos levarase a cabo o traballo en distintas app ou programas, como os editores de texto ou vídeo, ou apps para traballar cálculo mental.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, a maiores das probas competenciais pasadas, que nos servirán para recadar información do alumando, pasouse tamén un porfolio total do talento, no que o alumnado defina as súas fortalezas, gustos e motivacións.

A materia basearase nos filmes, por ser do interese do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación oral argumentada dos valorea aprendidos a través dos distintos cortos e a información máis relevante sobre eles.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Participación e escoita activa a través do traballo en parellas, recollida na plantilla de rexistro.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición oral das conclusións obtidas despois do visionado da película.

Os instrumentos de avaliación serán a rúbrica de traballo cooperativo, a observación directa que se recollera no caderno da mestra, distintas listas de cotexo, sobre as que se valorarán o proceso de traballo.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións.



### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno/a non participe das actividades e polo tanto non alcance unha calificación positiva, permitiráselle realizar un traballo escrito, sobre os contidos traballados, no que se avalíe mediante unha rúbrica de expresión escrita e teña unha calificación de apto ou non apto.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é una realidade dentro dun aula, polo tanto este documento intentará dar resposta ao alumnado do grupo que vai dirixida.

Para dar resposta a este grupo tomase como referente a orde do 8 de setembro do 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro. Os artigos 7, 8 e 9 do mencionado decreto fan referencia as medidas de atención a diversidade, sendo estas ordinarias e extraordinarias, estas últimas se levaran a cabo cando todas as anteriores sexan esgotadas, malia que pode haber algunha excepción significativa.

Poren, a metodoloxía empregada foi escollida minuciosamente, así esta, será unha medida de resposta a diversidade. Certos principios metodolóxicos forman parte da filosofía do centro, como pode ser o traballo nas matemáticas manipulativas, que permite que o pensamento abstracto da área sexa un proceso construído e significativo para o alumnado, permitindo o alumnado expresarse do xeito máis doado para eles/elas, o círculo/faladoiro é traballado en todas as aula, como xeito de expresión libre, exposición de temas, debates... co obxectivo de que o alumnado sexa competente na expresión oral, tamén como situación de convivencia sa, na que o alumnado poda compartir entre eles/elas, traballar a autoestima, normas de aula, traballar distintas emocións...

Por outra parte, os principios metodolóxicos que se escolleron para dar resposta o alumnado pode verse a implicación con este apartado no punto correspondente a metodoloxía.

De volta as medidas ordinarias encontramos:

- A adecuación desta proposta educativa, a organización e xestión da aula as características do grupo. Pudendo realizar tarefas de reforzo ou ampliación o alumnado que o necesite, así como permitir a recuperación daquelas situacións necesarias.
- Adaptarse tempos e instrumentos de avaliación as necesidades reais.
- Levaranse a cabo reforzos educativos e apoios por parte do mestre de educación musical e a mestra de sexto curso.
- Traballar as habilidades sociais, con disintas dinámicas para a asemblea ou tarxetas emocionais para falar sobre os sentimentos.

Como medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, , así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Saídas a distintos lugares que nos permitan formarnos como un/unha bó cidadan/a			
Charlas e oratoria	Recibiremos distintas charlas de profesionais que non permitan reflexionar sobre a sociedade, como a charla dos micromachismos.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos?) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.

Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas.
Consegiuise a participación activa do alumnado.
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos obxectivos, criterios de avaliación e competencias clave.
A secuenciación dos criterios de avaliación favoreceu a súa correcta adquisición. Usáronse estratexias e procedementos de auto-avaliación e coevaluación en grupo.
Usáronse instrumentos e procedementos de avaliación variados en relación ós aspectos a valorar.
Os recursos escollidos foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas e diversidade da aula.
Usamos diferentes medios de información ás familias.

#### **Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A elaboración e seguimento desta programación será levada a cabo mediante a aplicación PROENS. As reunións coa CCP, departamento de orientación e equipo de nivel guiarán posibles cambios que poidan levarse a cabo en base a propostas necesarias para o avance do alumnado. A revisión da programación realizarase trimestralmente. En base aos resultados obtidos, así como o anteriormente mencionado, faranse os cambios e as modificacións necesarias. Recordar que este documento es flexible, podendo modificarse en función das necesidades da aula. Ademais, destaca a memoria final será un documento de revisión, reflexión , a partir da análise dos resultados do alumnado así como o seu avance nas competencias clave a través do documento de valoración da práctica docente.

### **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	5º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

## 1. Introducción

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantizada polo Acordo subscrito entre o Estado español e a Santa Sede sobre Ensiñanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no cal establécense os principios que fan posible as garantías constituionais.

A Disposición Adicional Segunda do Decreto do 1 de marzo de 2014, artigo 16, responde ó dereito dos pais á formación relixiosa e moral dos seus fillos, según as súas conviccións, establecendo que a relixión católica estará incluída como área ou materia nos niveis educativos que corresponda, que será de oferta obrigatoria para os centros e de carácter voluntario para os alumnos.

A formación relixiosa e moral católica contribúe a unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitado a idade dos alumnos, as esixencias epistemolóxicas da materia, as expresións culturais do entorno e as demandas didácticas do ensino educativo. Enmárcase nun contexto histórico e social, inclúe parte do grande conxunto de valores culturais e artísticos que xurden da fe católica e doutras confesións, e posibilita a análise comparada dos contidos no diálogo coa cultura do noso tempo.

A síntese da mensaxe cristiá fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos e favorece os hábitos de comportamento. Preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade e no tempo de cada etapa.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración dos Dereitos Humanos do 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e ao dereito das familias a elixir o tipo de educación que habera de darse aos fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidas no Pacto Internacional dos Dereitos Económicos, sociais e culturais do 1966 e a Carta de dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2.000. a Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegura o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmrese así o establecido na Constitución española do 1978 no Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido a liberdade relixiosa e o dereito a educación.

En este marco, a ensinanza da relixión propón como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o desenvolvemento pleno da personalidade dos alumnos e alumnas

O currículo da área de relixión católica é o resultado dun diálogo da Teoloxía fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral da escola indispensable na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a

Para a realización da programación terase en conta o novo marco lexislativo:

¿ Lei Orgánica 2/2006(LOE), do 3 de maio de Educación.

¿ Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE), do 29 de decembro pola que modifica a actual Lei orgánica 2/2006(LOE) do 3 de maio de Educación.

Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación do psicopedagóxica que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta no contexto global que está vivindo a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogando co marco europeo da educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte do 2025, deixando interpelar pola sensibilidades dos obxetivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. A vez deixando afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola igrexa católica, que subraia a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica que se abre a novas iniciativas eclesiales da Misión 4.7, sobre ecoloxía integral, e o Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. De esa maneira, a ensinanza da relixión católica, mantén a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que caracterizou a democracia acollendo os signos dos tempos e responde os desafíos da educación no século XXI.

¿ currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

¿ Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro polo que se regulan a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obligatoria, no Bachelato e a Formación Profesional.

¿ Resolución do 21 de xunio do 2022, do 29 da Secretaría de Estado da Educación, pola que se publican os currículos

das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria.   
 ¿ Real Decreto 2/2015 , polo que se establece o currículo da ensinanza de Relixión Católica da Educación Primaria.   
 ¿ Resolución do 21 de xuño di 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Primaria, Educación secundaria Obligatoria e Bacherelato.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3	2		1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1	2			1-3-5	3	2	1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A creación, somos diferentes	Traballaremos a Creación desde a perspectiva dun mundo en igualdade de condicións para todos e todas, onde prime o respecto polas persoas como dereito fundamental do ser humano, que fomos creados a imaxe e semellanza de Deus	14	5	X		
2	Amigos	Participamos en accións solidarias e de servizo á comunidade. Valor de responsabilidade en igualdade Personaxes amigos de Deus	14	5	X		
3	Chega o Nadal	O nacemento de Xesús alegra o corazón das persoas. Os reis Magos. A riqueza cultural do Nadal Elaboración de manualidades propias destas datas (Belen) Panxoliña para agasallar na nosa visita ao xeriátrico	18	6	X		
4	A miña familia e o mundo que me rodea!	Lazos de amor Compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza Lecturas no patio para gozar da beleza da natureza	14	5		X	
5	Quen é Xesús	A riqueza das obras de misericordia. Xesús: Mandamento do Amor A beleza do perdón Busca do tesouro. Xogo no patio para preparar a Semana Santa e a Pascua	14	5		X	
6	Igrexa/s e Biblia. Grandes valores para os cristiáns	A/s igrexa/s e a Biblia, expresión da riqueza cultural do cristián. Interculturalidade. Reflexionamos sobre o principio de ética cristiá na contorna social e virtual Lecturas no patio para gozar da beleza da natureza	14	5			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Os Sacramentos	Unidos a Deus celebramos a Vida cos Sacramentos Finaliza o curso, expresión de alegría coas festas e os amig@s!	12	4			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A creación, somos diferentes	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade; desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	PE	16
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo	TI	84
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade		
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá para promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Colabora na construción dunha convivencia pacífica e democrática promovendo o ben común		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Desde a análise e a reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demais		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- María, modelo de crente.</li> <li>- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Amigos	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo	PE	14
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade	TI	86
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula (panxoliña para ir visitar aos maiores do xeriátrico)		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razona, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna.		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuíu na construción da identidade de persoas e pobos		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas , en prol dun mundo mais humano e igualitario		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Chega o Nadal	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula (panxoliña para ir visitar aos maiores do xeriátrico)	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
